

## CAMPAMENTO XUVENIL "ILLA DE ONS" – (BUEU)

### INFORMACIÓN XERAL:

<b>DATOS XERAIS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Campamento situado na Illa de Ons, con capacidade para 100 prazas en tenda de campaña.</li><li>• As Illas Ons son un conxunto de illas que se atopan na boca da Ría de Pontevedra. A Illa de Ons é a de maior tamaño, cunha lonxitude de 5 Km . A costa está repleta de covas e furnas, a mais coñecida e o Buraco do Inferno.</li></ul>
<b>SITUACIÓN:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A Illa dista de terra firme 8 Km. na zona de máxima proximidade. O campamento atópase na zona sur da illa, no barrio de Pereiró, protexido dos ventos mariños polo Alto, nunha zona á que se chega por un camiño con rodeiras á beira das praias do sueste illán.</li></ul>
<b>ACCESOS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Barco de Bueu, Sanxenxo e Portonovo.</li></ul>
<b>ENDEREZO:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• "CAMPAMENTO XUVENIL ILLA DE ONS"</li><li>• Ons</li><li>• <u>BUEU (PONTEVEDRA)</u></li></ul>
<b>COMUNICACIÓN DOS PAIS COS NENOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Todos os días entre as 15:00 h. e as 16:00 h., os pais poderán chamar telefonicamente aos seus fillos ao número de teléfono seguinte: 651454216</li></ul>

### **NORMAS XERAIS:**

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
2. Cóntase con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar ao campamento, as tarxetas sanitarias orixinais, tanto as da Seguridade Social como as de MUFACE.
3. As persoas participantes poderán falar por teléfono no seu tempo libre (despois da comida). **Na instalación non hai teléfono público.**
4. Ningún participante poderá abandonar o recinto do campamento sen autorización expresa da dirección da actividade, e sempre acompañado dos seu pai/nai, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI da persoa que teña a tutela e autorización escrita**), debendo cubrir o impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores.
5. Os medicamentos que estean a tomar as persoas participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, **debese comunicar ao ATS do campamento.**
6. A Dirección de actividades ten previsto a organización dun "banco" de cartos e outro de móbiles

<b>QUENDAS</b>	<b>DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES</b>
01-08/07/15	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ <b><u>BIG BANG ILLA:</u></b><ul style="list-style-type: none"><li>• Sendeirismo guiado, orientación, bicicleta, astronomía, aula de natureza mariña, etc.</li><li>• <b><u>IMPLICA-T NA ILLA:</u></b></li><li>• Actividades de voluntariado que impliquen compromiso social, sendeirismo e bicicleta.</li></ul></li><li>➤ <b><u>OBXECTIVOS:</u></b><ul style="list-style-type: none"><li>• Explorar da natureza e coñecer a flora e fauna da zona, a través da realización de actividades de acampada, sendeirismo, orientación, traballos con corda, etc.</li><li>• Conseguir hábitos fundamentais de convivencia, participación, hixiene, etc.</li><li>• Conseguir a plena integración de todas as persoas acampadas na actividade.</li><li>• Recoñecer a importancia do medio natural no desenvolvemento social, cultural e histórico da Illa.</li><li>• Aproveitar os recursos locais (arte, lendas, tradicións, fauna -centrándose nas especies comúns e na gandaría ou pesca da zona-, flora...). Fomentar a adquisición de hábitos de vida saudábeis (alimentación, hixiene e RRR –reducir, reutilizar e reciclar-). Fomentar a cohesión entre as persoas participantes e integrar os colectivos desfavorecidos. Traballar aspectos relacionados coa autoestima e a propia identidade, como piares fundamentais para as relacións igualitarias.</li></ul></li></ul>
11-18/07/15	
21-28/07/15	
1-8/08/15	<ul style="list-style-type: none"><li>• Promover unhas relacións afectivas baseadas no respecto e na mutua aceptación.</li></ul> <p>Entender que todos os traballos poden ser realizados indistintamente por persoas dun ou doutro sexo, recoñecendo e valorando as tarefas relacionadas co coidado das persoas e a responsabilidade nos traballos individuais e colectivos.</p>